



# PLAN DIGITAL

## CEIP Plurilingüe Concepción Arenal

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: CEIP Plurilingüe Concepción Arenal
- Dirección: Marqués de Amboage 2. 15006 A Coruña
- Correo electrónico: [ceip.concepcion.arenal@edu.xunta.es](mailto:ceip.concepcion.arenal@edu.xunta.es)
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipconcepcion>

O **CEIP Plurilingüe Concepción Arenal** é un centro que abarca as etapas educativas da Educación Infantil (2º Ciclo) e a Educación Primaria de 1º a 6º curso. Conta cun total de 440 alumnos/as, dos que 144 están escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil e 296 están escolarizados na etapa de Educación Primaria.

Trátase dun centro de dobre liña que conta con 18 unidades por catálogo, pero debido á situación Covid-19 habilitouse dende o curso 20/21 unha unidade máis, actualmente en 4º, para desdobrar debido ao número de alumnos matriculados neste nivel.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Plurilingüe Concepción Arenal é un dos colexios máis antigos da Coruña. O proxecto inicial foi creación do arquitecto Pedro Mariño (alá polo ano 1920); mais a súa construción non foi levada a cabo ata o ano 1930, e nese momento a obra non se desenvolveu segundo o antigo proxecto. Comeza a súa función docente no ano 1930, interrompéndose coa guerra civil para converterse nun hospital militar. No curso 1942-43 retoma de novo a función docente ata hoxe.

Na actualidade, o barrio o que pertencemos, é unha zona de actividades comerciais na súa maioría.

A contorna do centro está caracterizada por contar con diferentes recursos que complementan a formación do noso alumnado como é o centro cultural do *Fórum Metropolitano* con oferta de actividades culturais (teatro, cine, biblioteca, oficina do concello, servizo de préstamo, salas de lectura, oferta de diferentes cursiños para nenos e adultos e servizo de información. Na época de vacacións realiza campamentos urbanos para diferentes idades). Preto ao centro, na rúa Fernández Latorre funciona tamén o centro social "A Barcarola" con oferta de distintas actividades.

Contamos cunhas poucas zoas verdes e parques para o goce de nenos e adultos, sen embargo hai poucas zoas para a práctica do deporte. Os Centros Cívicos de San Diego, Santa Lucía e Monelos ofertan actividades de todo tipo aínda que serían desexables máis zoas públicas para a práctica do deporte e mellores xogos recreativos para os pequenos.

A maioría dos pais dos alumnos teñen un nivel medio de estudos e aumenta progresivamente os que teñen estudos universitarios. Con respecto ao tipo de traballo das familias temos: traballadores por conta allea (albaneis, camareiros, dependentes, mariñeiros, etc.) que son a maioría; traballadores autónomos e persoal da administración e servizos.

O centro está catalogado como centro de escolarización preferente para alumnado con discapacidade motriz. Ademais trátase dun centro Plurilingüe e que pertence á rede Abalar.

O noso centro pretende dar resposta a necesidade global de formar cidadáns con competencias óptimas que permitan o seu desenvolvemento nunha contorna dixitalizada. Por ende, e preciso elaborar un plan que dirixa as actuacións precisas para acadar tal logro, unhas relacionadas con cuestións organizativas e outras máis pedagóxicas referidas aos procesos de ensino e aprendizaxe.

O Plan Dixital de Centro é un documento que deba servir de referencia a toda a comunidade educativa e como plan de mellora para unha integración real e adecuada das tecnoloxías na educación do alumnado. Deste modo, debe ter cabida no Proxecto Educativo como documento macro que formalice actuacións concretas e na Programación Xeral Anual con propostas específicas a desenvolver curso a curso.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O plan Dixital enmárcase dentro da promoción que as administracións educativas e os equipos directivos dos centros levarán a cabo en relación ao uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. Para este fin e, tal e como recolle o artigo 132 da **Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE)**, será competencia do equipo directivo a de exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins del proxecto educativo do centro.

Neste sentido, a disposición adicional quinta da **Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022** recolle que os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten. Un Plan dixital que deberá formar parte do Proxecto educativo do centro tal e como recolle o artigo 121 da **LOMLOE**.

Unhas instrución que se desenvolven na **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022**, e que ten por obxecto, establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia

## 1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do Plan dixital de centro elaborouse baixo a directrices sinaladas na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

- Posta en marcha da rede e contacto das persoas ADIX cos centros para o desenvolvemento das diferentes fases que conformaron o desenvolvemento e deseño do Plan dixital
- Configuración e envío do **SELFIE** no centro educativo
- Realización do test **CDD** por parte do profesorado do centro
- Recompilación de datos, reflexión e elaboración da táboa DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades).
- Definir obxectivos e accións a seguir.
- Deseño final do Plan dixital

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro educativo dispón da seguinte relación de recursos para facer fronte a consecución dos obxectivos recollidos no presente Plan Dixital:

- Rede local Lan e wifi, e Rede Abalar.
- Aula de Informática: equipada con 17 ordenadores de sobremesa.
- Ordenador de profesor conectado a canón de vídeo e superficie de proxección (na actualidade dedicada, case en exclusiva, a aula de relixión católica).
- Equipamento Abalar nas 4 aulas de 5º e 6º de E. Primaria: Edi, canón proxector, portátil de profesor/a, netbooks do alumnado, armario de carga, caixa de conexións e APs (puntos de acceso ao Servidor Abalar).
- Ordenador conectado á Rede con fíos, canón de vídeo, Edi e sistema de altofalantes en todas as aulas de E. Primaria e E. Infantil.
- Ordenador conectado á Rede con fíos, canón de proxección ultracurto, Edi, sistema de altofalantes, e sistema de proxección e altofalantes no escenario, na aula Rosalía de Castro.
- Ordenador conectado á Rede con fíos nas aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Encerado dixital interactivo, canón de vídeo, sistema de altofalantes e ordenador de sobremesa na Biblioteca. Tamén ordenadores de Bibliotecaria e Usuarios de Biblioteca.

- Dous ordenadores de sobremesa, un deles conectado a canón de vídeo con superficie de proxección e sistema de altofalantes; unha impresora láser en rede e un punto de acceso wifi na sala do profesorado.
- Servidor de recursos de centro, procedente do equipamento Abalar, ao que poderán acceder tódolos ordenadores do Centro. Tamén servidor de conexión wifi.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As fontes empregadas para a análise DAFO partiron dos elementos recollidos dos resultados da autoavaliación **SELFIE** cuberta polo equipo directivo, profesorado e alumnado e que se resume na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	4,1
	Profesorado	3,3
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	2,8
	Alumnado	3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,9
	Profesorado	3,9
	Alumnado	2,8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3
	Profesorado	3,3
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,6
	Alumnado	3,5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	2,7
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,2
	Profesorado	3,1
	Alumnado	3,5

Por outra banda, outro elemento clave para a análise do DAFO foron os resultados obtidos do Test de Competencia Dixital Docente (**TCDD**) que cubriu o profesorado do centro e cuxos resultados recóllense nas seguinte táboas:

Participación segundo perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	14	28	50%
<b>PROVISIONAL</b>	1	1	100%
<b>INTERINO</b>	4	6	66,7%

<b>SUBSTITUTO</b>	5	6	83,3%
<b>DESPRAZADO</b>	0	0	0%

### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
65,5	Integrado/a	76,4	Integrado/a

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF</b>	64,2	Explorador/a	68,2	Integrador/a
<b>PRI</b>	67,5	Integrador/a	77	Integrador/a

### Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	3	12,5%
<b>A2</b>	6	25%
<b>B1</b>	12	50%
<b>B2</b>	3	12,5%
<b>C1</b>	0	0%
<b>C2</b>	0	0%
<b>TOTAL</b>	24	100,00%

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe **SELFIE** e **TCDD**, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Adecuada dotación de infraestrutura.</li> <li>Acceso a Internet óptimo.</li> <li>Disposición de recursos dixitais para o ensino.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mellora de asistencia técnica</li> <li>Dispositivos dixitais para o aprendizaxe</li> <li>Características das plataformas e aplicativos pouco intuitivos (aula virtual)</li> </ul>
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Interese e participación activa polo emprego de recursos tecnolóxicos.</li> <li>Reforzar o intercambio de experiencia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Reforzar o desenvolvemento profesional continuo.</li> <li>Formación sobre novas modalidades de aprendizaxe do uso da tecnoloxía dixital.</li> <li>Escaseza de tempo docente para elaboración de materiais.</li> </ul>

	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento das necesidades do alumnado con nee</li> <li>• Estabilidade do persoal non docente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de coordinación na posta en práctica de aprendizaxes funcionais</li> </ul>
	<b>ALUMNADO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implicación e motivación do alumnado de cara ao emprego de recursos tecnolóxicos.</li> <li>• Os recursos tecnolóxicos favorecen e completan o seu desenvolvemento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escaso coñecemento de competencias dixitais básicas (manexo de procesadores de texto,...)</li> <li>• Habilidades, coñecementos e actitudes de cara a un uso responsable e funcional dos recursos tecnolóxicos.</li> <li>• Emprego maioritario da tecnoloxía fóra do contexto educativo para ocio.</li> </ul>
	<b>FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación e implicación no procesos de ensino aprendizaxe do seus fillos/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación no manexo de contornas virtuais de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.</li> </ul>
	<b>OFERTA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Oferta variada de recursos e aplicativos accesibles a Comunidade educativa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe e creación de recursos dixitais.</li> </ul>
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Axeitada planificación organizativa favorecedora da implicación da Comunidade educativa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incluír na organización do centro a inclusión en proxectos interdisciplinares relacionados coa tecnoloxía.</li> </ul>

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego de plataformas dixitais promovidas pola administración</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora na planificación a curto e medio prazo</li> <li>•</li> </ul>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ofrece un formato normativo de intervención e actuación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falta de coñecemento desde a súa publicación a súa aplicación.</li> <li>•</li> </ul>
	<b>CONTORNA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomenta o enriquecemento no eido educativo</li> <li>•</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Empobrecemento progresivo da contorna que pode influír na dixitalización no contexto familiar.</li> </ul>
	<b>ANPA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Imprescindible como elemento dinamizador de las familias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento do límite de competencias, obrigacións e deberes</li> </ul>
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estreita colaboración con diferentes Asociacións e entidades externas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Descoñecemento do trato da información entre estas entidades e o centro</li> </ul>

### 3. Plan de Acción

O plan de acción recollido neste documento parte das propostas de mellora sinaladas da análise levada a cabo no centro así como tamén ten en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do mesmo.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A continuación preséntanse as táboas descritoras que recollen os obxectivos que persegue este Plan dixital cos seus pertinentes indicadores e accións temporalizadas a levar a cabo:



## Plan de Acción do Plan Dixital CEIP PLURILINGÜE CONCEPCIÓN ARENAL

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Optimizar o nivel de competencia dixital básica do alumnado de educación primaria				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Profesorado titor				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Acadar un coñecemento básico en tarefas relacionados con procesador de textos e presentacións					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 ferramentas empregadas por parte do alumnado					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	2 ferramentas empregadas por parte do alumando			Remate do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación de grupo de traballo para programar os contidos a abordar e incluír en programación didáctica de forma transversal	Xefe de estudos	1º trimestre	Convocatoria		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.2:Levar a práctica da aula tarefas que impliquen o emprego de procesadores de texto	Profesorado	2º trimestre	Equipamento informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.3: Levar a práctica da aula tarefas que impliquen o deseño e aplicación de presentacións	Profesorado	3º trimestre	Equipamento informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Área/s de mellora: LIDERADO						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Favorecer a implicación das familias a través das tic's no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Profesorado titor				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de actividades programadas que impliquen as familias a través das tic's					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 actividades creadas e remitidas na aula virtual					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	5 actividades creadas e remitidas na aula virtual			Remate do curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: Creación dun grupo de traballo para o deseño das actividades</b>	Xefe/a de estudos	1º trimestre	Convocatoria		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2:Determinación das actividades a incluír en cada nivel educativo</b>	Grupo de traballo	2º e 3º trimestre	Actas de reunión e deseño das actividades		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Área/s de mellora: LIDERADO						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Actualizar e dinamizar o contido da web do centro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador Tic's				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de entradas na web do centro					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 entradas feitas na web do centro					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Entre 2 e 5 entradas mensuais			Remate do curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo que planifique o procedemento a seguir e o contido a actualizar.	Xefe/a de estudos	1º trimestre	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Levar a cabo entre 2 e 5 entradas mensuais ao longo do curso de forma que se actualice con frecuencia o contido da web	Grupo de traballo	1º, 2º e 3º trimestre	Actas de reunión e deseño das actividades		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA:IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Elaborar un banco de recursos polo profesorado empregando unha plataforma de almacenaxe virtual				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador Tic's				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de actividades almacenados no banco de recursos dixitais					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 actividades subidas ao banco de recursos					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	2 actividades subidas por cada mestre/a do centro			Remate do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Selección da plataforma e funcionamento da mesma	Coordinador Tic's	1º trimestre	Circular explicativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Deseñar e subir dúas actividades por parte do profesorado no banco de recursos	Profesorado	1º, 2º e 3º trimestre	Plataforma escollida		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: LIDERADO						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Promover o emprego da plataforma Abalar entre titores/as e familias				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Porcentaxe de profesorado que empregue a ferramenta					
<b>Valor de partida: (3)</b>	20 % de profesorado que empregue a ferramenta de Abalar-Pro					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	70 % de profesorado que empregue a ferramenta de Abalar-Pro			Remate do curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Formación concreta sobre o uso e funcionamento de Abalar-Pro a través de representantes de cada ciclo	Equipo directivo	1/10/2022	Reunión e conformación do grupo de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Dinamizar a titoría entre iguais de cara a formar a titores/as no emprego da ferramenta	Profesorado	Final do 1º trimestre	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Optimizar o uso de Abalar Pro a través do envío de notificacións e mensaxes periódicas	Titores/as	2º e 3º trimestre	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: LIDERADO						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Organizar un horario de emprego da aula de informática para todos os niveis do centro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo das Tic's				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Aulas que empregan a aula de informática					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 sesións semanais de emprego da aula de informática					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	1 sesión semanal de emprego da aula de informática			Remate do curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Planificación dun horario asignado para cada nivel educativo	Xefe de estudos	1/10/2022	Horarios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Acudir e empregar os equipos da aula de informática semanalmente	Profesorado	Final do 1º trimestre	Ordenadores da sala de informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: LIDERADO						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Integrar no horario dos/as mestres/as de apoio en educación infantil a asignación da materia de Tic's				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Xefe de estudos				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Asignación horario na mestra de apoio de educación infantil da materia de Tic's					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 sesións semanais					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	1 sesión semanal			Remate do curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Planificación dun horario da mestra de apoio de educación infantil dunha sesión de Tic's a levar a cabo na aula de informática.	Xefe de estudos	1/10/2022	Horarios		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.2:Impartir unha sesión semanal co alumnado de educación infantil da materia de Tic's facendo uso de programas con actividades adaptadas ao nivel	Profesorado de apoio de EI	1º, 2º E 3º trimestre	Ordenadores da sala de informática		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Planificar a distribución de ordenadores por niveis para emprego en aula				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Responsable Tics				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Distribución trimestral dos recursos tecnolóxicos por trimestres entre os nivel de 4º a 6º de primaria					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 niveis con ordenadores individuais para traballo en aula					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	6 niveis de primaria con ordenadores individuais para traballo en aula			Remate do curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Xuntanza de planificación para distribuír dos ordenadores portátiles.	Xefe de estudos	1/10/2022	Xuntanza		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Distribución dos portátiles e 4º nivel	Profesorado de 4º nivel	1º trimestre	Ordenadores portátiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Distribución dos portátiles a 4º e 5º nivel	Profesorado de 5º nivel	2º trimestre	Ordenadores portátiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Distribución dos portátiles e 6º nivel	Profesorado de 6º nivel	3º trimestre	Ordenadores portátiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS							
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Seleccionar un banco de recursos dixitais para traballar a lecto escritura co alumnado de educación infantil					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador ciclo EI					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Contar cunha representación óptima de recursos dixitais para traballar o contido da lecto escritura na etapa de educación Infantil						
<b>Valor de partida (3)</b>	0 recursos seleccionados empregados de forma efectiva na aula						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	5 recursos seleccionados empregados de forma efectiva na aula				Remate do curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Configurar un grupo de traballo para a selección e análise de recursos dixitais.	Coordinador de EI	1º trimestre	Convocatoria de xuntanza		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Busca e selección de recursos	Profesorado de EI	1º trimestre	Internet e software		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Posta en práctica en aula dos recursos seleccionados e análise de resultados	Profesorado de EI	2º e 3º trimestre	Ordenador de aula		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

<b>“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS</b>						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Poñer en marcha dinámicas de traballo que impliquen o emprego de escornabot co alumnado de educación infantil				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo docente de EI				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Aplicar en aula estratexias dinámicas de traballo co escornabot.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 dinámicas de traballo empregadas coa ferramenta					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	3 dinámicas de traballo empregadas coa ferramenta			Remate do curso 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1:Adquirir o escornabots e montaxe en aula dos mesmos</b>	Profesorado de EI	1º trimestre	Escornabots		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Creación de paneis que integren contidos do currículo</b>	Profesorado de EI	1º trimestre	Paneis		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.3: Dinámicas de xogo empregando o escornabot</b>	Profesorado de EI	2º e 3º trimestre	Escornabots e paneis		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA</b>						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Seleccionar en poñer en marcha aplicacións adaptadas a alumando con nee				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Departamento de orientación				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Contar cun banco de recursos referidos a aplicacións de uso funcional co alumnado con nee					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 recursos seleccionados e empregados co alumnado con nee					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	3 recursos seleccionados e empregados co alumnado con nee			Remate do curso 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Configurar grupo de traballo para buscar e seleccionar aplicativos adaptados ao alumnado con nee do centro</b>	Departamento de orientación	1º trimestre	Convocatoria		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Empregar co alumnado con nee aplicativos axustados as súas necesidades.</b>	AL-PT- Titores	2º e 3º trimestre	Tabletas e aplicacións		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A consecución dos obxectivos recollidos no presente plan precisan dunha serie de recursos imprescindibles baseados nos xa presentes e recollidos no apartado 2.1.. En calquera caso, e co fin de poder optimizar o máximo a funcionalidade de ditos recursos e responder axeitadamente a consecución dos obxectivos recollidos, sería preciso conta co seguinte equipamento e servizos dixitais educativos:

- Infraestruturas
  - Renovación do centro de comunicacións (*armario Rack*), que da conexión de rede a todo o equipamento do centro.
  - Dotación dunha conexión wifi para todo o centro.
- Equipamento:
  - Dotación de equipos novos para actualización e incremento de postos para a aula de informática
  - Incremento da dotación de ordenadores para na sala de profesores
  - Dotación de *Escornabots* co obxecto de acercar a robótica e a programación ao alumnado.

### 4. Avaliación do plan

Este plan de apoio parte da análise da situación de partida pola que poder programar e fixar actuación concretas que se recollen nas táboas do plan de acción.

A avaliación procesual farase trimestralmente al e como recolle o Plan de acción incluíndo o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

A avaliación final ao rematar o curso escolar incluírá, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

### 5. Difusión do plan

Este Plan dixital será difundido e dado a coñecer a totalidade do profesorado a través de xuntanza de Claustro e ao resto da Comunidade educativa a través do Consello escolar que lle compete a súa aprobación.